UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GUIÓN ORIENTATIVO PARA A CONFIGURACIÓN DO PORTAFOLIO

PRÁCTICUM I

GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL

Facultade de Ciencias da Educación

Esta memoria non é un informe descritivo, senón unha narrativa reflexiva, crítica e situada da túa experiencia como futura/o profesional da Educación Social. É un espazo en que explorar a túa voz, as túas preguntas, os teus sentires, as túas crenzas. Ao tempo, é un espazo en que conectar esas vivencias co coñecemento teórico, co contexto social e coa ética profesional. Máis aló de relatar o que viviches, busca axudarte a comprender o que significa o vivido, como un exercicio de aprendizaxe significativa e transformadora.

Obxectivos:

- Desenvolver unha mirada crítica e reflexiva sobre o ámbito e a acción socioeducativa observada
- Integrar saberes teóricos e vivencias
- Potenciar a expresión escrita persoal, creativa, argumentada.
- Fomentar a autorreflexión como ferramenta de aprendizaxe e desenvolvemento profesional"

ASPECTOS FORMAIS

1) Portada (anexo I).

2) O traballo debe de ter un índice paxinado en que se reflicta, como mínimo, o número de apartados que se recollen neste guión do portafolio, así como os subapartados que o alumno/a considere necesarios para orientar mellor a súa lectura. Se procede, pódese incluír un índice de táboas ou gráficos.

3) Apartados do Portafolio (anexo II).

4) Formato:

- Extensión: entre 40 e 60 páxinas, máis os anexos
- Letra: Times New Roman 12
- Espazamento entre liñas de 1,5 e aliñamento xustificado

- Marxes superior e inferior de 2,5 cm
- Marxes laterais de 2,5 cm

5) Bibliografía. Só se recollerán as referencias que foron citadas ao longo do Portafolio, e organizarase seguindo algún dos formatos recomendados para a redacción de citas bibliográficas como, por exemplo, APA (última versión)

6) Anexos. Incluirase aquela documentación que sirva para fundamentar e ampliar o contido do Prácticum. Os anexos deben ir recollidos no índice e, por tanto, paxinados.

Anexo I. Portada do Prácticum

PRÁCTICUM I

Nome e apelidos do autor/a
Titor/titora Facultade (no me e apelidos)
Institución de Prácticum
Titor/titora da institución (nome e apelidos)

Grao en (nome datitulación)

Curso 20__- 20

Anexo II. Apartados do Portafolio

PORTAFOLIO. PRÁCTICUM I

Índice paxinado

1. **Prólogo autobiográfico**

   Breve relato arredor das experiencias de vida que te trouxeron ata aquí (a estudar Educación Social e a escoller o centro para as prácticas); e das expectativas, motivacións, medos, ilusións coas que chegas ao prácticum. Este relato axúdache a situar o teu punto de partida.

2. **Reflexións sobre o contexto institucional, profesional e relacional da práctica socioeducativa**

   Analiza de forma crítica:

   a. A institución: Como é? Cal é a súa misión (ou fin social) explícita e a súa práctica real? Como se relaciona coa comunidade? Como lle afecta/impacta o contexto global social, político, económico, educativo, cultural (crise habitacional, climática, de coidados, económica, migratoria...)?

   b. O colectivo atendido: A quen se dirixe a acción socioeducativa? Que necesidades teñen? Que narrativas se constrúen sobre o colectivo? Que barreiras e oportunidades teñen para a súa participación activa?

   c. A acción socioeducativa: Que fan para acadar as finalidades e obxectivos? Que programas e actividades desenvolven? Que principios ou enfoques metodolóxicos están presentes (ou ausentes) na acción socioeducativa?

   d. Profesional: Cal é o rol da/o profesional da educación social? Que funcións desenvolve? Como se constrúe a relación educativa?

3. **Espellos e eco: conexión entre situacións observadas e marcos teóricos**

   Relaciona a túa experiencia práctica co aprendido ao longo do grao. Que conceptos, autores/as ou aprendizaxes che axudan a interpretar o vivido? Identifica o que se confirma, contradí ou complementa. Podes apoiar esta análise en lecturas, materiais audiovisuais ou outras fontes que che resulten significativas.

4. **Diario: catro momentos ou temas significativos**

   Elabora cinco entradas que recollan momentos ou temas que che fixeron pensar, sentir ou cuestionarte cousas. Cada entrada ten que contar con:

   Descrición: que observaches?

Reflexión: que significou para ti?

Análise: que explicacións podes dar desde a teoría?

5. **Microensaio a modo de epílogo: sementes para o futuro**

   Texto breve e persoal que exprese a túa visión a raíz do prácticum sobre que entendes por educación social e quen queres ser como profesional: que valores queres cultivar, que papel queres xogar, como entendes a responsabilidade ética da profesión, que compromisos asumes no teu proceso formativo...

6. **Bibliografía**

Anexos: documentos, imaxes, notas de campo...